



Dirección Xeral de Formación Profesional

# Proba para a obtención do título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria Abril 2025

## Proba do ámbito Social

1.º apelido / 1.ª apelido	
2.º apelido / 2.ª apelido	
Nome / Nombre	
DNI	



# 1. Formato da proba / Formato de la prueba

---

## Duración

- Este exercicio terá unha duración máxima de 60 minutos.  
*Este ejercicio tendrá una duración máxima de 60 minutos.*

## Formato

- A proba consta de 25 preguntas tipo test con catro posibles respostas das que só unha é correcta.  
*La prueba consta de 25 preguntas tipo test con cuatro posibles respuestas de las que solo una es correcta.*

## Puntuación

- Cada resposta correcta outorgará 1 punto.  
*Cada respuesta correcta otorgará 1 punto.*
- Cada resposta incorrecta restará 0,33 puntos.  
*Cada respuesta incorrecta restará 0,33 puntos.*
- As respostas en branco non descontarán puntuación.  
*Las respuestas en blanco no descontarán puntuación.*
- De apareceren dúas respostas marcadas na mesma cuestión, a resposta considerárase incorrecta.  
*Si aparecen dos respuestas marcadas en la misma cuestión, la respuesta se considerará incorrecta.*
- A puntuación máxima total do ámbito é de 25 puntos.  
*La puntuación máxima total del ámbito es de 25 puntos.*

## Procedemento / Procedimiento

- O exame realizarase con bolígrafo azul ou negro.  
*El examen se realizará con bolígrafo azul o negro.*
- Neste exemplar de exame pode realizar as anotacións que desexe.  
*En este ejemplar de examen puede realizar las anotaciones que desee.*
- Unha vez realizada a proba, traslade as respostas elixidas á folla de respostas.  
*Una vez realizada la prueba, traslade las respuestas elegidas a la hoja de respuestas.*
- Entregue ao tribunal o caderno da proba e a folla de respostas.  
*Entregue al tribunal el cuaderno de la prueba y la hoja de respuestas.*



## 2. Exercicio / Ejercicio

Imaxe




Gráfico sectorial da porcentaxe de ocupación das actividades do sector primario en Galicia no ano 2024. /

*Gráfico sectorial del porcentaje de ocupación de las actividades del sector primario en Galicia en el año 2024.*

### 1. No conxunto da gandaría galega o que ten o maior peso é o gando...

*En el conjunto de la ganadería gallega el que tiene el mayor peso es el ganado...*

- A** ovino e caprino. /  
*ovino e caprino.*
- B** avícola, especializado na produción de ovos e carne. /  
*avícola, especializado en la producción de huevos y carne.*
- C** porcino, orientado á produción de carne. /  
*porcino, orientado a la producción de carne.*
- D** vacún, especializado en carne e leite. /  
*vacuno, especializado en carne y leche.*



**2. Entre os cultivos de maior extensión en Galicia destacan...**

*Entre los cultivos de mayor extensión en Galicia destacan...*

- A** os cítricos, sobre todo os limóns, pero tamén as laranxas. /  
*los cítricos, sobre todo los limones, pero también las naranjas.*
- B** os forraxeiros, que son a base da alimentación gandeira. /  
*los forrajeros, que son la base de la alimentación ganadera.*
- C** as oliveiras pola demanda de aceites vexetais de calidade. /  
*los olivos por la demanda de aceites vegetales de calidad.*
- D** o kiwi, debido á súa marcada orientación comercial. /  
*el kiwi, debido a su marcada orientación comercial.*

**3. No sector pesqueiro galego vai gañando peso e semella que ten un incremento sostido...**

*En el sector pesquero gallego va ganando peso y parece que tiene un incremento sostenido...*

- A** a acuicultura, grazas á temperatura e riqueza do plancto das augas das rías de Galicia. /  
*la acuicultura, gracias a la temperatura y riqueza del plancton de las aguas de las rías de Galicia.*
- B** o marisqueo, posto que xa é o máximo xerador de rendas no sector pesqueiro. /  
*el marisqueo, dado que ya es el máximo generador de rentas en el sector pesquero.*
- C** as gambas e langostinos, a pesar de que agora proceden na súa totalidade das costas africanas debido ao esgotamento dos caladoiros. /  
*las gambas y langostinos, a pesar de que ahora proceden en su totalidad de las costas africanas debido al agotamiento de los caladeros.*
- D** o polbo galego debido a que satisfai durante todo o ano a demanda íntegra da poboación autóctona. /  
*el pulpo gallego debido a que satisface durante todo el año la demanda íntegra de la población autóctona.*

**4. Na silvicultura galega abundan....**

*En la silvicultura gallega abundan....*

- A** as aciñeiras debido a que se adaptan a condicións climáticas extremas. /  
*las encinas debido a que se adaptan a condiciones climáticas extremas.*
- B** as sobreiras como membro destacado da paisaxe vexetal de clima oceánico. /  
*los alcornoques como miembro destacado del paisaje vegetal de clima oceánico.*
- C** os eucaliptos e os piñeiros para obter papel ou empregalos na industria do moble. /  
*los eucaliptos y los pinos para obtener papel o utilizarlos en la industria del mueble.*
- D** as faias grazas a que precisan un alto grao de humidade. /  
*las hayas gracias a que necesitan un alto grado de humedad.*



5. O Trópico de Cáncer é...

*El Trópico de Cáncer es...*

- A unha medida de referencia xeográfica consistente nun semicírculo que une o polo norte co polo sur. / *una medida de referencia geográfica consistente en un semicírculo que une el polo norte con el polo sur.*
- B o paralelo situado a  $23^{\circ} 27'$  ao norte do ecuador onde os raios solares inciden perpendicularmente no mediodía polo menos un día ao ano. / *el paralelo situado a  $23^{\circ} 27'$  al norte del ecuador donde los rayos solares inciden perpendicularmente en el mediodía por lo menos un día al año.*
- C unha liña imaxinaria situada ao norte do ecuador que marca a posición máis meridional do Sol. / *una línea imaginaria situada al norte del ecuador que marca la posición más meridional del Sol.*
- D o paralelo situado a  $23^{\circ} 27'$  ao sur do ecuador onde os raios solares inciden perpendicularmente no mediodía polo menos un día ao ano. / *el paralelo situado a  $23^{\circ} 27'$  al sur del ecuador donde los rayos solares inciden perpendicularmente en el mediodía por lo menos un día al año.*

6. A latitude é a distancia...

*La latitud es la distancia...*

- A en graos dende o meridiano  $0^{\circ}$  e un punto calquera da superficie terrestre. / *en grados desde el meridiano  $0^{\circ}$  y un punto cualquiera de la superficie terrestre.*
- B en quilómetros entre o ecuador e un punto calquera da superficie terrestre. / *en kilómetros entre el ecuador y un punto cualquiera de la superficie terrestre.*
- C en graos, minutos e segundos entre o ecuador e un punto calquera da superficie terrestre. / *en grados, minutos y segundos entre el ecuador y un punto cualquiera de la superficie terrestre.*
- D entre dous puntos da superficie terrestre con diferentes fusos horarios. / *entre dos puntos de la superficie terrestre con diferentes husos horarios.*

7. Os equinoccios son os momentos do ano nos que...

*Los equinoccios son los momentos del año en los que...*

- A o Sol se atopa máis lonxe da Terra e adoita haber menos horas de luz solar. / *el Sol se encuentra más lejos de la Tierra y suele haber menos horas de luz solar.*
- B a diferenza de duración entre o día e a noite é máxima. / *la diferencia de duración entre el día y la noche es máxima.*
- C se dá paso ou ben á primavera ou ben ao outono e nos que o día e a noite teñen a mesma duración. / *se da paso o bien a la primavera o bien al otoño y en los que el día y la noche tienen la misma duración.*
- D os raios solares chegan paralelos ao ecuador, aínda que de xeito diferente en ambos hemisferios. / *los rayos solares llegan paralelos al ecuador, aunque de manera diferente en ambos hemisferios.*



**8.** Cales das seguintes unidades de relevo continental galego son as que conforman as serras orientais?

*¿Cuáles de las siguientes unidades de relieve continental gallego son las que conforman las sierras orientales?*

- 
- A** Serra do Xistral, Serra do Barbanza, Macizo Central Ourense, Serra do Courel.
  - B** Serra dos Ancares, Serra do Courel, Serra do Eixe, Macizo Central Ourense.
  - C** Serra dos Ancares, Serra do Courel, Macizo Central Ourense, Serra do Xistral.
  - D** Serra do Courel, Serra do Eixe, Macizo Central Ourense, Serra do Xistral.

**9.** Que é unha plataforma continental?

*¿Qué es una plataforma continental?*

- 
- A** Unha faixa marítima de 200 millas máis aló da liña base costeira. / *Una franja marítima de 200 millas más allá de la línea base costera.*
  - B** Unha depresión situada entre os 2000 e os 4000 metros de profundidade. / *Una depresión ubicada entre los 2000 y los 4000 metros de profundidad.*
  - C** Unha continuación dos continentes baixo o mar ata os 200 metros de profundidade. / *Una continuación de los continentes bajo el mar hasta los 200 metros de profundidad.*
  - D** Unha cadea de montañas que permanece baixo as augas. / *Una cadena de montañas que permanece bajo las aguas.*

**10.** Un entrante da costa no mar denomínase...

*Un entrante de la costa en el mar denomínase...*

- 
- A** delta. / *delta.*
  - B** cabo. / *cabo.*
  - C** golfo. / *golfo.*
  - D** baía. / *bahía.*



## Texto

### Constitución española. 1812

Art.3. A soberanía reside esencialmente na nación e, polo mesmo, pertence a esta exclusivamente o dereito de establecer as súas leis fundamentais [...]

Art.4. A nación está obrigada a conservar e protexer [...] a liberdade civil, a propiedade e os demais dereitos lexítimos de todos os individuos que a compoñen. [...]

Art.12. A relixión da nación española é e será perpetuamente a católica [...]

Art.172. As restricións da autoridade do rei son as seguintes: [...] Non pode impedir, baixo ningún pretexto, a celebración das Cortes [...]. Non pode impoñer por si contribucións.

## Texto

### Constitución española. 1812

*Art.3. La soberanía reside esencialmente en la nación y, por lo mismo, pertenece a esta exclusivamente el derecho de establecer sus leyes fundamentales [...]*

*Art.4. La nación está obligada a conservar y proteger [...] la libertad civil, la propiedad y los demás derechos legítimos de todos los individuos que la componen. [...]*

*Art.12. La religión de la nación española es y será perpetuamente la católica [...]*

*Art.172. Las restricciones de la autoridad del rey son las siguientes: [...] No puede impedir, bajo ningún pretexto, la celebración de las Cortes [...]. No puede imponer por sí contribuciones.*

## 11. O dereito de propiedade...

*El derecho de propiedad...*

- 
- A** figura como un dereito lexítimo, pero non fundamental. /  
*figura como un derecho legítimo, pero no fundamental.*
  - B** só está garantido para os estamentos privilexiados: a Igrexa e a Nobreza. /  
*solo está garantizado para los estamentos privilegiados: la Iglesia y la Nobleza.*
  - C** é un dereito que no caso do rei se aplica dun xeito máis amplo. /  
*es un derecho que en el caso del rey se aplica de una manera más amplia.*
  - D** aplícase a todos os cidadáns. /  
*se aplica a todos los ciudadanos.*



**12. Segundo a Constitución de 1812, no ámbito relixioso...**

*Según la Constitución de 1812, en el ámbito religioso...*

- A** só se recoñece unha relixión oficial, a católica. / *solo se reconoce una religión oficial, la católica.*
- B** hai unha relixión oficial, a católica, pero permítese a práctica pública doutros cultos. / *hay una religión oficial, la católica, pero se permite la práctica pública de otros cultos.*
- C** establécese o dereito de liberdade relixiosa, pero recoñécese que a relixión católica é a maioritaria en España. / *se establece el derecho de libertad religiosa, pero se reconoce que la religión católica es la mayoritaria en España.*
- D** hai unha relixión oficial, a católica, pero permítese a liberdade doutros cultos, aínda que só en privado. / *hay una religión oficial, la católica, pero se permite la libertad de otros cultos, aunque solo en privado.*

**13. Cal das seguintes afirmacións sobre o rei é correcta?**

*¿Cuál de las siguientes afirmaciones sobre el rey es correcta?*

- A** Pode disolver as Cortes nun momento dado. / *Puede disolver las Cortes en un momento dado.*
- B** Pode decretar os impostos consensuados que considere máis axeitados. / *Puede decretar los impuestos consensuados que considere más adecuados.*
- C** Vese claramente afectado polos cambios nas relacións sociedade-Estado. / *Se ve claramente afectado por los cambios en las relaciones sociedad-Estado.*
- D** Está desvinculado das Cortes xa que é só o representante da Nación. / *Está desvinculado de las Cortes ya que es solo el representante de la Nación.*

**14. Deste fragmento da Constitución de 1812 dedúcese que o poder lexislativo será exercido...**

*De este fragmento de la Constitución de 1812 se deduce que el poder legislativo será ejercido...*

- A** polas institucións elixidas polo conxunto dos cidadáns. / *por las instituciones elegidas por el conjunto de los ciudadanos.*
- B** polo monarca, xa que conserva o poder lexislativo. / *por el monarca, ya que conserva el poder legislativo.*
- C** polos tribunais de xustiza. / *por los tribunales de justicia.*
- D** polo Senado, que é como se continúa a chamar ás Cortes en España. / *por el Senado, que es cómo se continúa llamando a las Cortes en España.*





**15. Que é o feudalismo?**

*¿Qué es el feudalismo?*

- 
- A** Un sistema de organización política da sociedade que se desenvolveu en Europa Occidental e Oriental. / *Un sistema de organización política de la sociedad que se desarrolló en Europa Occidental y Oriental.*
  - B** Unha nova organización da sociedade en base aos vínculos da servidume e a vasalaxe. / *Una nueva organización de la sociedad en base a los vínculos de la servidumbre y el vasallaje.*
  - C** Un sistema de organización económica da sociedade que se desenvolveu na Europa Occidental e Oriental. / *Un sistema de organización económica de la sociedad que se desarrolló en la Europa Occidental y Oriental.*
  - D** Un sistema de organización social que establece unhas relacións de dependencia que incumben unicamente aos campesiños con respecto aos seus señores feudais. / *Un sistema de organización social que establece unas relaciones de dependencia que incumben únicamente a los campesinos con respecto a sus señores feudales.*

**16. Cal das seguintes características se corresponden coa arquitectura románica?**

*¿Cuál de las siguientes características se corresponden con la arquitectura románica?*

- 
- A** Igrexas con planta de cruz grega fronte á planta de cruz latina presente na arte prerrománica. / *Iglesias con planta de cruz griega frente a la planta de cruz latina presente en el arte prerrománico.*
  - B** Utilización da bóveda de cruzaría que permite resolver o pechamento de varios espazos. / *Utilización de la bóveda de crucería que permite resolver el cierre de varios espacios.*
  - C** Emprego de arcobotantes que transmiten o empuxe da bóveda. / *Empleo de arbotantes que transmiten el empuje de la bóveda.*
  - D** Uso de arcos de medio punto como elemento construtivo básico e sinal de identidade. / *Uso de arcos de medio punto como elemento constructivo básico y señal de identidad.*



**17. Que foi a guerra de posicións na Primeira Guerra Mundial?**

*¿Qué fue la guerra de posiciones en la Primera Guerra Mundial?*

- A** A primeira fase do conflito na que a iniciativa correu a cargo do exército aliado. / *La primera fase del conflicto en la que la iniciativa corrió a cargo del ejército aliado.*
- B** A primeira fase da Primeira Guerra Mundial, caracterizada por un ataque repentino alemán aos aliados que posteriormente fracasou. / *La primera fase de la Primera Guerra Mundial, caracterizada por un ataque repentino alemán a los aliados que posteriormente fracasó.*
- C** A derradeira fase da Primeira Guerra Mundial, marcada pola retirada de Rusia da guerra e a incorporación de EE.UU. / *La última fase de la Primera Guerra Mundial, marcada por la retirada de Rusia de la guerra y la incorporación de EE.UU.*
- D** Unha fase do conflito na que as fronteiras se estabilizan en trincheiras e permanecen inamovibles, sobre todo en territorio francés. / *Una fase del conflicto en la que los frentes se estabilizan en trincheras y permanecen inamovibles, sobre todo en territorio francés.*

**18. Que foi o Domingo Sangrento?**

*¿Qué fue el Domingo Sangriento?*

- A** Unha matanza levada a cabo polos partidarios de Lenin na capital do Imperio Ruso en outubro de 1917 e que aniquilou os membros do goberno provisional. / *Una matanza llevada a cabo por los partidarios de Lenin en la capital del Imperio ruso en octubre de 1917 y que aniquiló a los miembros del gobierno provisional.*
- B** Unha masacre levada a cabo polos bolxeviques en 1918 contra a dinastía Romanov que executou o tsar e a súa familia. / *Una masacre llevada a cabo por los bolcheviques en 1918 contra la dinastía Romanov que ejecutó al zar y a su familia.*
- C** A matanza que desencadeou a guerra civil rusa entre o exército vermello e o exército branco que tivo lugar entre 1918 e 1921. / *La matanza que desencadenó la guerra civil rusa entre el ejército rojo y el ejército blanco que tuvo lugar entre 1918 y 1921.*
- D** Unha masacre levada a cabo polas tropas tsaristas contra unha protesta pacífica que reclamaba protección e comida fronte o palacio do tsar. / *Una masacre llevada a cabo por las tropas zaristas contra una protesta pacífica que reclamaba protección y comida frente el palacio del zar.*

**19. As causas do crack do 1929 foron...**

*Las causas del crack del 1929 fueron...*

- A** a especulación bolsista e o aumento da demanda. / *la especulación bursátil y el aumento de la demanda.*
- B** a redución da demanda e o incremento do valor das accións. / *la reducción de la demanda y el incremento del valor de las acciones.*
- C** a sobreproducción e a especulación bolsista. / *a sobreproducción y la especulación bursátil.*
- D** a inflación e o paro. / *la inflación y el paro.*



**20. Cal dos seguintes trazos forma parte dos sistemas fascistas?**

*¿Cuál de los siguientes rasgos forma parte de los sistemas fascistas?*

- A** Desprezo dalgunhas institucións democráticas, como por exemplo as liberdades individuais, aínda que non de todas. / *Desprecio de algunas instituciones democráticas, como por ejemplo las libertades individuales, aunque no de todas.*
- B** A violencia non ten xustificación institucional, aínda que se utilice para actuar contra os considerados inimigos da patria. / *La violencia no tiene justificación institucional, aunque se utilice para actuar contra los considerados enemigos de la patria.*
- C** Ríxida planificación económica e control estatal, coa pretensión de acadar a autosuficiencia e o pleno emprego. / *Rígida planificación económica y control estatal, con la pretensión de alcanzar la autosuficiencia y el pleno empleo.*
- D** Desigualdade do individuo. Hai grupos superiores e inferiores nunha mesma sociedade e esta debe ser gobernada polos individuos mellor dotados e preparados. / *Desigualdad del individuo. Hay grupos superiores e inferiores en una misma sociedad y esta debe ser gobernada por los individuos mejor dotados y preparados.*

**21. Cal das seguintes cuestións pasou a formar parte do debate ético neste século XXI?**

*¿Cuál de las siguientes cuestiones pasó a formar parte del debate ético en este siglo XXI?*

- A** O medio ambiente. / *El medio ambiente.*
- B** A política. / *La política.*
- C** A liberdade. / *La libertad.*
- D** A xustiza. / *La justicia.*

**22. En que se enfocaron os dereitos humanos da primeira xeración?**

*¿En qué se enfocaron los derechos humanos de la primera generación?*

- A** Na saúde. / *En la salud.*
- B** Na educación. / *En la educación.*
- C** Na solidariedade. / *En la solidaridad.*
- D** Na liberdade. / *En la libertad.*

**23. Cal dos seguintes valores morais **NON** é positivo?**

*¿Cuál de los siguientes valores morales **NO** es positivo?*

- A** A deshonestidade. / *La deshonestidad.*
- B** A bondade. / *La bondad.*
- C** A responsabilidade. / *La responsabilidad.*
- D** A liberdade. / *La libertad.*



- 24.** A que nivel de madurez moral de Kohlberg corresponde facer o que a sociedade considera bo?

*¿A qué nivel de madurez moral de Kohlberg corresponde hacer lo que la sociedad considera bueno?*

---

- A** Pre-convencional.
- B** Convencional.
- C** Pre-moral.
- A** Post-convencional.

- 25.** Que xurista, político e historiador francés defendeu a división de poderes?

*¿Qué jurista, político y historiador francés defendió la división de poderes?*

---

- A** Montesquieu.
- B** Napoleón Bonaparte.
- C** Voltaire.
- D** Blaise Pascal.